



# BOP

MÉRCORES, 22 DE MARZO DE 2023

N.º 067

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

*Anuncio*

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

LUGO.- RENOVACIÓN DOS REVESTIMENTOS INTERIORES DO "PACIÑO" - EDIFICO ANEXO AO PAZO DOS DEPORTES  
EXPTE GTM: 2023/CON\_02/000015

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Lugo, 17 de marzo de 2023.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0805

### CONCELLOS

O PÁRAMO

*Anuncio*

Por Resolución da Alcaldía de data 16 de marzo de 2023 aprobáronse as bases para selección de persoal laboral temporal, no marco do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022 para a execución de obras e servizos mínimos obrigatorios de competencia municipal, de interese xeral e social. "Programa fomento do emprego 2022":

- 2 peóns de obras (6 meses)

A convocatoria e as bases aprobadas poden consultarse no taboleiro de anuncios do Concello do Páramo e na sede electrónica do Concello do Páramo <https://concellodeparamo.sedelectronica.gal>.

O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles contados a partir do seguinte á data de publicación no BOP de Lugo.

O Páramo, 16 de marzo de 2023.- O alcalde, José Luis López López.

R. 0803

### A PASTORIZA

*Anuncio*

#### **APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO 2023**

Aprobado inicialmente, polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 16 de marzo de 2023, o Proxecto de Orzamento Xeral e o cadro e plantel de persoal para o exercicio 2023, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do R.D. lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais e disposicións concordantes, exponse ao público na Secretaría do Concello, polo prazo de 15 días hábiles, que se contarán dende o seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial

da Provincia co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións e suxestións que se consideren oportunas.

De conformidade co acordo adoptado, o Orzamento considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

A Pastoriza, 17 de marzo de 2023.- O ALCALDE – PRESIDENTE, Primitivo Iglesias Sierra.

R. 0802

## O VICEDO

### *Anuncio*

Por resolución de la Alcaldía de 16 de marzo de 2023 aprobáronse as bases e a convocatoria para o nomeamento como funcionario interino dun ALGUACIL DE SERVICIOS MÚLTIPLES, escala da administración xeral, subescala: subalterno, para cobertura de praza vacante no cadro de persoal do Concello do Vicedo mediante o sistema de concurso-oposición.

As bases son as que se insertan a continuación:

#### **BASES DE SELECCIÓN PARA O NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO INTERINO DUN ALGUACIL DE SERVICIOS MÚLTIPLES, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA: SUBALTERNO, PARA COBERTURA DE PRAZA VACANTE NO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DO VICEDO.-**

##### **I.— Obxecto**

O obxecto das presentes bases é proceder á selección e nomeamento con carácter interino por estar vacante unha praza de alguacil de servizos múltiples do Concello do Vicedo, encadrada na escala de administración xeral, subescala subalterno, ata a súa cobertura por un funcionario de carreira

A natureza xurídica que se empregará será a recollida no artigo 10.1.a) do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que denominaremos “funcionario interino por vacante na praza anteriormente mencionada”, coa categoría de alguacil de servizos múltiples que finalizará cando tome posesión o funcionario de carreira seleccionado.

##### **II.—Funcións/tarefas e retribución económica**

O aspirante seleccionado/a por medio da presente convocatoria estará suxeito/a, no desenvolvemento das funcións propias da súa categoría profesional, ás normas internas de funcionamento do Concello do Vicedo; tendo como funcións encomendadas as que se asignan á praza, e correspondéndolle unhas retribucións salariais iguais que as que figuran no presuposto municipal aprobado para 2022, prorrogado para 2023.

Funcións asignadas:

- Cumprir as ordes da Alcaldía e do director dos servizos.
- Permanecer nas oficinas municipais durante a xornada laboral, de non ter asignada outra función fóra da Casa Consistorial.
- Practicar notificación, citacións, etc. que se lle encomenden.
- Pór en funcionamento a calefacción das oficinas e dependencias onde vaia prestar os servizos coa antelación suficiente á apertura das mesmas.
- Atender á conservación e reparación dos edificios onde preste os servizos, así como realizar a vixilancia policial e de orde público que se lle encomende, que non estean en oposición coas características peculiares do cargo, e atender ás necesidades do mercadillo semanal.
- Mantemento e condución dos vehículos que poidan existir no Concello do Vicedo.
- Atender á conservación e reparación do alumeado público, depuradora de augas, redes de abastecementos e servizos, lectura de contadores de auga e cobramento de recibos municipais e taxas se houber lugar.
- Coordinación dos traballos dos peóns contratados polo concello para desbrozamento de pistas, limpeza de praias, beirarrúas, campo de fútbol, etc.
- Coordinación de traballos de pala retroescavadora e tractor desbrozador.
- Saír co camión contra incendios cando o ordena o Sr. Alcalde.
- Revisión e mantemento da depuradora de auga (Morgallón), co control de cloro diario (incluídos sábados, domingos e festivos).
- Aqueloutras tarefas que sexan encomendadas por órgano superior dentro da súa categoría profesional.

### III.—Condicións dos/as aspirantes

Para seren admitidos/as á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español/a ou posuír a nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo isto nos termos do artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non superar a idade máxima de xubilación.
- c) Estar en posesión do certificado de escolaridade, certificado de estudos primarios ou calquera titulación equivalente ou superior. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fielmente a súa homologación.
- d) Estar en posesión do título CELGA 1 ou equivalente, como mínimo. No caso de non acreditar a titulación, os aspirantes deberán de superar un exercicio escrito de coñecemento da lingua galega.
- e) Estar en posesión do carné de conducir tipo C.
- f) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto ao que aspira, non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- g) Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a do que estivese separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- h) Non incorrer en causa de incapacidade ou incompatibilidade de acordo coa lexislación vixente.

Todos estes requisitos deberán posuílos os/as aspirantes no día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, alomenos, ata a data do seu nomeamento como funcionario/a interino/a, no seu caso.

A persoa seleccionada, antes do seu nomeamento, deberá aportar certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias da praza a cubrir.

### IV.—Presentación de solicitudes

1. As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde do Concello do Vicedo. A instancia conterá, polo menos, os datos persoais do/a solicitante coa súa dirección e a denominación da praza convocada á que opta e farase constar, expresamente, que se reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na base terceira da convocatoria. (Anexo II).

Xunto coa instancia aportarase a documentación que o/a aspirante desexe que sexa tida en conta no concurso, e conforme ao establecido nos apartados posteriores das presentes bases. Debendo acompañar en todo caso a seguinte documentación, en orixinal, copia auténtica ou fotocopia compulsada:

- \_ DNI, ou no seu caso pasaporte.
- \_ -Titulación esixida.
- \_ -Certificado de Lingua Galega CELGA 1, superior ou equivalente. No caso de non poder acreditar mediante certificación ou validación o coñecemento da lingua galega será necesario superar a proba establecida na base VI.
- \_ -Carné de conducir tipo C.
- \_ -Declaración xurada de non estar incurso/a en causa algunha de incapacidade ou incompatibilidade, de conformidade coa lexislación vixente. (Anexo IV).
- \_ -Declaración xurada de non padecer enfermidade ou defecto física ou psíquica que impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opta. (Anexo IV).
- \_ -Declaración xurada de non ser separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme. (Anexo IV).
- \_ -Méritos que se alegan. (Anexo III) Non se valorarán os méritos que non se acrediten.

Os/as solicitantes discapacitados que necesiten algún tipo de adaptación deberán indicalo xunto coa solicitude.

Os/as solicitantes manifestarán que reúnen todos e cada un dos requisitos enumerados nestas bases referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Se dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, o/a aspirante proposto non presentara toda a documentación ou da mesma se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos, non poderá ser nomeado/a, quedando anuladas tódalas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera incorrer por falsidade na solicitude de participación.

2. O prazo para a presentación de solicitudes será de 10 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP). Realizarase tamén publicación no taboleiro de edictos da Corporación e na sede electrónica do concello do Vicedo <https://concellodovicedo.sedelectronica.es>.

3. A presentación de solicitudes poderá facerse ben no Rexistro Xeral do Concello do Vicedo ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo persoal funcionario de Correos de conformidade co artigo 31 do Real Decreto 1829/1999, de 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regula a prestación dos servizos postais, en desenvolvemento do establecido na Lei 24/1998, de 13 de xullo, do Servizo Postal Universal e de Liberalización dos Servizos Postais.

No caso de presentar a solicitude nun lugar distinto ao Rexistro Xeral do Concello do Vicedo, o/a aspirante deberá remitir por fax, ao número 982590001 ou ben por correo electrónico ([concello@concellodovicedo.org](mailto:concello@concellodovicedo.org)) unha copia da instancia co selo do Rexistro onde se presentou antes da finalización do prazo de presentación de instancias.

4. Os/as aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeron constar na solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento ben de oficio, ben a instancia de parte.

#### V.—Admisión dos/as aspirantes

1. Rematado o prazo dos 10 días fixado para a presentación de solicitudes, por resolución da Alcaldía acordárase a aprobación da lista de admitidos/as e excluídos/as ao concurso - oposición, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no taboleiro de edictos da Corporación e na sede electrónica do concello do Vicedo <https://concellodovicedo.sedelectronica.es>.

2. Os/as aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de 3 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do acordo, para poder subsanar ou emendar, no seu caso, o defecto que houbera motivado a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá tomarse novo acordo estimándoas ou desestimándoas con publicación da lista definitiva no taboleiro de edictos da Corporación e na sede electrónica do concello do Vicedo <https://concellodovicedo.sedelectronica.es>. No caso de non presentarse reclamacións polos/as aspirantes excluídos (de existir) a lista publicada terá carácter definitivo.

#### VI.—Sistema de selección

A selección realizarase mediante o sistema de concurso-oposición.

**A.—FASE DE OPOSICIÓN:** De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá nunha proba tipo test, un suposto práctico e unha proba de coñecemento da lingua galega, esta última só para aqueles/as aspirantes que non acrediten no prazo de presentación de instancias o seu coñecemento.

**PRIMEIRO EXERCICIO.** De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 20 preguntas tipo test, con 4 respostas alternativas, das que só unha será correcta, referidas ao temario que aparece como anexo I ás presente bases.

O tempo máximo de realización da proba será de trinta (30) minutos.

A puntuación máxima deste exercicio será de 10 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de cinco puntos para pasar ó exercicio práctico. As respostas correctas valoraranse cada unha con 0,5 puntos. As non contestadas ou contestadas incorrectamente non penalizarán.

**SEGUNDO EXERCICIO.** De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dunha proba práctica, proposta polo tribunal e relacionado coas funcións do posto de traballo, no tempo que determine o tribunal, que permita valorar a destreza e capacidades dos/as aspirantes. A puntuación máxima será 10 puntos. É necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

Ao remate das probas da fase de oposición e rematada a corrección das mesmas, o Tribunal fará pública a relación de aspirantes e as cualificacións obtidas.

**TERCEIRO EXERCICIO.** De carácter obrigatorio e eliminatorio para aqueles/as aspirantes que non acrediten o coñecemento da lingua galega no prazo de presentación de instancias. Consistirá na realización dunha proba

escrita de coñecemento do idioma galego, coa tradución dun texto do castelán ao galego durante un tempo máximo de 30 minutos. O tribunal poderá establecer, ou non, a lectura pública do texto que será comunicado antes da realización do exame. A proba cualificarase de apto/a-non apto/a.

Estarán exentos/as da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten no prazo regulamentario de presentación de instancias, posuír o título do CELGA 1 ou equivalente homologado de acordo co grupo de titulación do posto.

#### **B.—FASE DE CONCURSO:**

Valoraranse os méritos presentados polos/as aspirantes de conformidade co recollido nas presentes bases.

Aos efectos de valoración de méritos, precísase expresamente que non serán valorados os méritos non invocados, nin tampouco aqueles que, aínda sendo invocados, non sexan debidamente acreditados mediante documentos orixinais, copia auténtica ou copia compulsada acreditativa daqueles no prazo de presentación de instancias polos/as solicitantes, sen que proceda requirimento de emenda posterior ao efecto, por parte da Administración.

Baremo Xeral de Méritos:

Valorarase ata un máximo de 6 puntos de conformidade co previsto a continuación:

a) Experiencia en traballos de actividades semellantes (ata un máximo de 6 puntos).

Por servizos prestados realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado:

— Na Administración Pública, ata un máximo de 6 puntos: 0,20 puntos por mes.

— Na empresa privada, ata un máximo de 6 puntos: 0,10 puntos por mes.

Os servizos prestados acreditaranse, acompañando á instancia para tomar parte no concurso-oposición, informe oficial da vida laboral actualizado máis copia compulsada do contrato de traballo no que consten as tarefas realizadas, e IAE (copia compulsada) no caso de traballadores/as autónomos/as. No caso de servizos prestados na Administración Pública, deberán presentar ademais certificado orixinal ou copia compulsada de servizos prestados expedido por dita Administración.

#### **VII.—Tribunal Cualificador**

O Tribunal cualificador do concurso - oposición terá a seguinte composición:

— Presidente/a: Pertencente á Administración Local, con carácter de persoal funcionario de carreira do Grupo A.

— Secretario/a: Secretario - Interventor do Concello ou funcionario no que delegue.

— Vogais: Tres membros pertencentes á Administración Local, con carácter de persoal funcionario.

1. O Tribunal de selección, nomeado pola Alcaldía, será colexiado e a súa composición nominal axustarase ao disposto no artigo 60 do Real Decreto 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público e ao artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia. Na designación de membros terase en conta a paridade entre homes e mulleres.

2. Poderán formar parte do Tribunal os funcionarios municipais ou de calquera outra administración local, con titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o posto convocado. Non poderán formar parte as persoas de elección ou designación política, os/as funcionarios/as interinos/as, o persoal laboral, ou persoal eventual e as persoas que nos 5 anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores/as.

3. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

4. Todos os membros do tribunal terán voz e voto, incluído o Secretario/a.

5. O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de persoas asesoras especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias así o aconsellen, limitándose os mencionados asesores/as a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

6. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollo ao Alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

## VIII. Cualificacións finais e proposta do tribunal

1. Determinada a cualificación final dos/as aspirantes o Tribunal fará pública a relación de aprobados/as por orde de puntuación no taboleiro de edictos da Corporación e na sede electrónica do concello do Vicedo <https://concellodovicedo.sedelectronica.es>.

2. O Tribunal, en ningún caso, poderá propoñer o nomeamento dun número de aspirantes aprobados superior ao número de prazas ofertadas. Calquera proposta de nomeamento que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

3. No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no segundo exercicio (proba práctica) e se isto non fora suficiente pola puntuación obtida no primeiro exercicio ata que o empate se resolva. De persistir o empate este resolverase mediante unha entrevista relacionada coas funcións incluídas no desempeño do posto.

## IX. Toma de posesión dos aspirantes propostos/as

Concluído o proceso selectivo e a proposta do tribunal cualificador, a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, acordarán a toma de posesión do/a aspirante proposto/a.

A proposta do tribunal cualificador terá carácter vinculante para a Alcaldía e para a Xunta de Goberno Local.

Se algún dos/as aspirantes non tomase posesión no prazo que se lle conceda, baseándose na relación de cualificacións finais descrita na Base VIII, a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, poderán acordar a toma de posesión do/a aspirante ou aspirantes seguintes con maior puntuación que se precisen respectando, en todo caso, a orde de puntuación recollida na citada relación.

A Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, poderán igualmente facer uso da facultade recollida no apartado anterior no suposto de que durante a vixencia da prestación de servizos algún dos traballadores/as cause baixa pola razón que sexa.

## X. Incompatibilidade co cargo

O réxime de incompatibilidades será o previsto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas e o seu Regulamento.

## XI. Protección de datos

A presentación da instancia implica, ós efectos previstos na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personales e Garantía dos Dereitos Dixitais, o consentimento dos afectados para a súa inclusión no ficheiro de personal desta entidade local, cuxa finalidade é a derivada da xestión do proceso de selección, sendo obrigatoria a súa cumprimentación, dispoñendo dos dereitos de acceso, rectificación e cancelación e oposición nos termos previstos na legalidade vixente e sendo responsable do ficheiro a entidade local.

## XII. Carácter vinculante das bases

As bases desta convocatoria vinculan á administración municipal, ao tribunal cualificador e aos/ás aspirantes que participen no proceso selectivo.

## XIII. Incidencias

O tribunal cualificador queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

## XIV. Réxime xurídico

Este proceso selectivo regularase polas presentes bases da convocatoria e, supletoriamente, no non previsto nelas, polo disposto no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases de Réxime Local, o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, sobre procedemento de selección na Administración local, o Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade e demais normativa concordante.

## XV. Disposición final

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do tribunal cualificador poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a administración municipal poderá, no seu caso, revisar as resolucións do tribunal, segundo o previsto na citada Lei 39/2015.

O Vicedo, a 16 de marzo de 2023.- O Alcalde-Presidente, José Jesús Novo Martínez.

#### ANEXO I

##### **Programa**

Tema 1.—A Constitución española de 1978. Estrutura e contido. Principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais dos españois. O recurso de amparo.

Tema 2.—A organización municipal. O Alcalde: atribucións. O Pleno: atribucións. A Xunta de Goberno Local: atribucións.

Tema 3.—O acto administrativo: Concepto. Motivación e notificación dos actos administrativos. Eficacia. Executividade. Suspensión. Validez e invalidez do acto administrativo. A diferenza entre acto administrativo e Regulamento.

Tema 4.—O Procedemento administrativo. Principios xerais do procedemento administrativo. Cómputo de prazos. Fases do procedemento administrativo.

Tema 5.—Impostos, taxas e prezos públicos municipais.

Tema 6.—Lei 43/2010, de 30 de decembro, do servizo postal universal, dos dereitos dos usuarios e do mercado postal: obxecto e ámbito de aplicación da lei. Natureza e réxime de prestación dos servizos postais. Rede postal. Servizos excluídos.

Tema 7.—O servizo postal universal: concepto de ámbito. Principios e requisitos da prestación do servizo postal universal.

## ANEXO II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN PROCESO SELECTIVO  
SELECCIÓN DUN ALGUACIL DE SERVICIOS MÚLTIPLES

DENOMINACIÓN DA PRAZA OU POSTO DE TRABALLO: ALGUACIL DE SERVICIOS MÚLTIPLES
--

CARÁCTER DA CONVOCATORIA: FUNCIONARIO INTERINO	FORMA DE PROVISIÓN: CONCURSO - OPOSICIÓN
---	---

DATOS DO SOLICITANTE:
Apelidos e nome:
DNI:
Enderezo:
Enderezo electrónico:
Teléfono:

Manifesto expresamente, e baixo a miña responsabilidade, que reúno todas e cada unha das condicións esixidas nas bases reguladoras deste proceso, que coñezo e acepto, SOLICITO a admisión para tomar parte na selección.

O Vicedo, ..... de ..... de 2023

(Sinatura)

SR. ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO



ANEXO III

RELACIÓN DE MÉRITOS QUE SE XUSTIFICAN E FORMA DE ACREDITACIÓN

DON/A .....

DNI nº .....

- 1.-
- 2.-
- 3.-
- 4.-
- 5.-
- 6.-
- 7.-
- 8.-
- (...)

O Vicedo, ..... de ..... de 2023  
(Sinatura)

## ANEXO IV

## DECLARACIÓN RESPONSABLE

DON..... con DNI nº ..... e  
enderzo.....

DECLARO: Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incapacidade ou incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto, e de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, non meu Estado, non mesmos termos, o acceso ao emprego público.

O Vicedo, ..... de ..... de 2023

(Sinatura)

O Vicedo, a 16 de marzo de 2023.- O Alcalde-Presidente, José Jesús Novo Martínez.

R. 0804

---

**MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO**  
**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A.**

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

Expediente número: **A/27/23674**

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas.

Peticionario: Elena Fernández González, José Antonio Neira Oural

Nombre del río o corriente: Manantial Fonte de Pradón

Caudal solicitado: 64,5 m<sup>3</sup>/día

Punto de emplazamiento: Parcela 34 del polígono 1 en Couxela

Término Municipal y Provincia: Ribadeo(Lugo)

Destino: Riego y uso ganadero.

**BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS:**

Depósito y tubería de captación, respetando la captación del derecho reconocido sobre el mismo manantial. Conducción por tubería hasta depósito de almacenamiento desde los que se distribuirán las aguas las parcelas donde serán utilizadas.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de Ribadeo**, o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 28 de febrero de 2023.- EL RESPONSABLE DEL ÁREA CONCESIONAL, David Pérez Méndez-Castrillón.

R. 0638

---

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

Expediente número: **A/27/23963**

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas.

Peticionario: Santiago Rodríguez Méndez

Nombre del río o corriente: Manantial Finca Arrotos

Caudal solicitado: 0,111 l/seg.

Punto de emplazamiento: Parcela 13 del polígono 77, Casas Río (Son)

Término Municipal y Provincia: Navia de Suarna(Lugo)

Destino: Riego de la parcela 8 del polígono 77

**BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS:**

Captación y conducción hasta la finca a regar con tubería 460 m. de longitud.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de Navia de Suarna**, o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 08 de marzo de 2023.- EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES, Pedro Granda Rodríguez.

R. 0722

## CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

### *Anuncio*

A/27/39349

#### COMISARÍA DE AGUAS

En esta Confederación Hidrográfica se ha formulado la siguiente petición:

#### COMPETENCIA DE PETICIONES

**NOMBRE DEL PETICIONARIO:** AYUNTAMIENTO DE XERMADE

**TIPO DE AUTORIZACIÓN:** Mejora del entorno de la playa Fluvial de Cabreiros, en el río Trimaz, en el T.M. de Xermade (Lugo)

**CORRIENTE EN LA QUE SE UBICARÁN LAS OBRAS:** río Trimaz

**TÉRMINO MUNICIPAL EN QUE RADICAN LAS OBRAS:** Xermade (Lugo)

De conformidad con el Artº. 75.c del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril y según lo dispuesto en el Artº. 105 de dicho Reglamento se abre el plazo de **UN MES**, a contar desde la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, para que el peticionario presente en esta Confederación Hidrográfica su petición concreta y el proyecto debidamente precintado, conforme a las prescripciones del Artº. 106 de dicho texto, admitiéndose también, durante este plazo, otras peticiones que tengan el mismo objeto que aquella o sean incompatibles con la misma.

El desprecintado de los documentos técnicos, a que se refiere el Artº. 107 del citado Reglamento, se realizará en las Oficinas de la Comisaría de Aguas de esta Confederación Hidrográfica, (Ronda da Muralla nº 131 – Lugo), a las **DOCE (12) HORAS** del primer día hábil después de los seis días de la conclusión del plazo de presentación de peticiones.

Del pago de este anuncio responde el peticionario.

Lugo, 16 de marzo de 2023.- EL JEFE DE SERVICIO, José Miguel Veigas Méndez.

R. 0815